



**Transferencia de Crédito 002-T/21 (04/21)**

**Expte. Cívidas nº 2021003074**

**TR – 002T/2021**

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/009/2021), de data 26/01/2021, asinado tamén polo Concelleiro delegado de Facenda, na mesma data, e polo Concelleiro delegado de Policía Local, en data 27/01/2021, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Policía Local, mediante Providencia, asinada o 21/01/2021, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de data 02/02/2021(ref: 2-T/21), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 002-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

### Área de gasto 1

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
N240.1320.20400	Arrendamento de vehículos Policía Local	100.000,00
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>100.000,00 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
N280.1320.12100 (RC mod 202100005029)	Complemento destino Policía Local	100.000,00
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>100.000,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e **á Policía Local** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

